



## ANUNCIO

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 17 de xaneiro de 2018**.

1. Apróbase o borrador da acta da sesión ordinaria do 10 de xaneiro de 2018.
2. Concédese licenza de primeira ocupación de vivenda sita en rúa Outeiro, nº 51-53, Cantodarea, Marín.
3. Concédese licenza de primeira ocupación de vivenda illada sita en Igrexario de San Xulián, 31A, Marín.
4. Concédese licenza para rehabilitación de vivenda existente situada no lugar de Moreira, nº 18, San Xulián, Marín.
5. Dáse conta das bases reguladoras e convocatoria das axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais para o ano 2018, da Consellería de Economía, Emprego e Industria.
6. Dáse conta dos criterios de repartición, bases reguladoras e convocatoria de subvencións do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2018, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.
7. Dáse conta das bases reguladoras e convocatoria de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación u risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia, da Consellería de Economía, Emprego e Industria.
8. Dáse conta das bases reguladoras para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais 2018-2019, da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.
9. Dáse conta das condicións para a adhesión dos concellos ao Programa específico de promoción da reciclaxe mediante a posta en marcha e a xestión dunha planta de compostaxe promovida pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a través da Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A., da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.
10. **Rogos e preguntas.** Non se formulan.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, decidiu tratar pola vía de urxencia o seguinte asunto:

1. Dáse conta da autorización para o reinvestimento da baixa xerada no investimento "Pavimentación da rúa Recamán" na actuación denominada "Pavimentación do estacionamento para o estadio de fútbol de San Pedro", cun importe de 23.183,20 euros, con cargo ao Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017, da Deputación de Pontevedra.

A ALCALDESA-PRESIDENTA,

María Ramallo Vázquez.

|  |   |                                  |
|--|---|----------------------------------|
| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E300027CF200N4E2P5H6L6U5 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a> | <b>FIRMANTE - FECHA</b>   | <b>DOCUMENTO 20190163058</b>     |
|  | MARIA PILAR RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 21/02/2019<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 21/02/2019 09:46:15 | Fecha: 21/02/2019<br>Hora: 09:46 |